

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA MATERIA

Materia	RELIXIÓN CATÓLICA		Páx.	1
Curso/Ciclo	4º Curso de Educación Primaria			
Profesor/a	Hermitas Villanueva Martínez			
CONTIDOS				
1.ª AVALIACIÓN		2.ª AVALIACIÓN		3.ª AVALIACIÓN
Temas 1-3 O mal apártanos de Deus. A experiencia de pecado nos relatos das relixións antigas. O perdón como necesidade do ser humano. Deus quere axudarnos. Deus está sempre disposto ao perdón. Deus fiel promete un Mesías. A amizade con Deus. David sente na súa vida a necesidade de redención. Xesús é o noso Salvador.		Temas 4-6 Xesús , un home bo. A boa noticia do reino de Deus Amizade e preferencia de Xesús polos máis débiles. Xesús ensínanos a perdoar. O perdón de Deus: accións e parábolas de Xesús. Amizade e preferencia de Xesús polos máis débiles e necesitados. Xesús morreu por todos. Xesús cumpre a vontade do Pai: paixón e morte de Xesús. Xesús ensinounos o mandamento do amor.		Temas 7-8 O sacramento da reconciliación. O sacramento da reconciliación A eucaristía. A celebración da eucaristía A eucaristía, orixe e meta da vida cristiá.
OBXECTIVOS				
1. Tomar conciencia de que os nosos comportamentos persoais achégannos ou afastan de Deus. 2. Comprender o contido da Alianza do Sinaí, recoñecendo as implicacións que pode ter na vida actual.. 3. Recoñecer que os cristiáns preparamos e celebramos o nacemento de Xesús cuns comportamentos concretos. 4. Recoñecer que o Bautismo de Xesús inicia a súa vida pública, producíndose nel cambios para comezar a realizar a súa misión. 5. Descubrir que, por medio dos seus xestos e accións, Xesús busca a nosa felicidade. 6. Descubrir que a chamada ao seguimento que fai Xesús pode cambiar a vida das persoas e mellorar os seus comportamentos. 7. Descubrir que a Igrexa é continuadora da misión de Xesús. 8. Recoñecer que a oración nos cambia o corazón e fainos comprender mellor como é o noso Deus.				
METODOLOXÍA				
-Será activa, creativa, participativa mesturando as actividades individuais coas grupais, e a aprendizaxe real dos contidos coa súa aplicación na práctica da vida diaria; partindo do que xa saben para chegar a novos coñecementos favorecendo as actitudes de respecto colaboración cos seus compañeiros e o interese por aprender. -Promovendo o protagonismo do alumno no seu progreso de aprendizaxe mediante lecturas en voz alta, presentación pública dos seus traballos,e das solucións das actividades, a exposición dos contidos das unidades. No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas: • Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais. • Traballo en grupo cooperativo: facer grupos de 3 ou 4 alumnos e alumnas, e utilizar as estruturas da aprendizaxe cooperativa suxeridas na guía do profesorado para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara. • Posta en común en gran grupo, despois do traballo individual ou grupal. • Círculos de aprendizaxe. • Exposición do profesorado.				
CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN				
1. Descubrir nos relatos das relixións antigas a experiencia do pecado humano. 2. Coñecer as características do perdón de Deus. 3. Recoñecer e valorar a necesidade da salvación. 4. Recoñecer a iniciativa de Xesús polos máis necesitados e enfermos. 5. Comprender o significado dalgunhas parábolas do perdón. 6. Comprender e apreciar que, na súa paixón e morte, Xesús está a cumprir a vontade do Pai. 7. Explicar que Deus concede o perdón a través do sacramento da reconciliación. 8. Relacionar a última cea de Xesús co sacramento da eucaristía.		1.1 Lembra e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan de perdón. 2.1 Descubre e enumera as características do perdón de Deus 3.1 Comprende as características da salvación de Deus 4.1 Coñece a mensaxe de Xesús sobre o reino de Deus 5.1 Analiza, comenta e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano 6.1 Coñece o mandamento do amor. 7.1 Describe os pasos da celebración do sacramento do perdón. 8.1 Valora a importancia da misa dominical na vida cristiá.		